

Novela breve na procura da beleza

A venus de cristal

Autora: Chelo Suárez.

Edita: Xerais.

O título que hoxe comentaremos foi finalista do Xerais. De trás desta novela latexa unha chamada de atención a cerca da sobrevaloración que hoxe se lle presta á historia en detrimento dos valores estéticos da palabra escrita. As 140 páxinas do corpo d' *A venus de*

Cristal, distribúense en 31 capítulos, de extensión moi parella, un epílogo, máis breve aínda, e unhas palabras preliminares da mesma índole. A novela de Chelo Suárez fai gala dunha tensión estilística que hoxe non é doada de atopar.

No 2003, a editora Primera-persona daba á luz *Flor de xiz*, de Chelo Suárez Muñíos, tamén recente gañadora do premio Narrativas Quentes (que convoca a editorial Positivas) con *Os milagres de Cristamar*, antes tamén asinara outros textos cos pseudónimos de Amara Orzania e Puliana Marful. Queremos precisamente chamar a atención sobre este dato. O protagonista central de *A venus de cristal* recibe significativamente o nome de Pietro Puliani. É unha maneira de salientar até que extremo a autora se camufla na súa personaxe, comparten apelativo e máis, tamén, moi importante, a ansia de atopar a beleza sublime: Pietro encerrándoa no vidro que con tanta destreza traballa e Chelo Suárez coas palabras sobre o papel. Como tampouco se debe desbotar o parecido entre cristal e Cristamar: mar



Chelo Suárez.

M. PÉREZ / A.G.N.

(en Amara), Orzán (en Orazania), cristal fundido con mar: Cristamar. Son algo máis que coincidencias. En realidade esa ansia de atopar a beleza é unha constante desde aquela primeira novela de Chelo Suárez, o mesmo que o ton lírico e, naturalmente, unha preocupación polo estilo que a leva a ter moi presente a poesía, coidando moito o ritmo expositivo, o fraseo, e recuperando o valor da palabra (tamén connotativo, tamén sonoro).

Como novela breve que é, que trate o tema da procura desesperada da beleza sublime non debe sorprenden, calquera formato é válido. Se pensamos que puido ser concibida para concursos de verán de *La Voz de Galicia*, entón si que resulta raro, non é un tema moi agardábel. O certo é que non tardan en captar a atención do lector esas personaxes misteriosas. Pietro Puliani, vidreiro case alquimista, detrás da súa máscara, é o centro. Mergulladas en

ambientes fastuosos; Venecia e Florencia de finais do XV. Coas súas sociedades palacianas repletas de intrigas, de luxo, de libertinaxe e de artistas. Tamén atrae o tema, con esa ambigüidade que o aproxima aos conceptos máxicos. E tamén o estilo, un sempre goza lendo algo

ben escrito, por iso mesmo é capaz de perdoar certos “deslices”.

En si, *A venus de cristal* é a formulación dun tema e despois, ou ben fuxida cara adiante ou ben recheo do que daría para un conto longo. Ou as dúas cousas á vez. E de aí, tamén,

que, unha vez captada a atención do lector, a novela evolucione pouco na trama e mesmo esta se desvíe un chisco cando as intrigas paxegas, o dogo e todo o que o rodea, moi exótico, misterioso e atraente como un conto das *Mil e unha noites*, pero...

Para comezar, habería que dicir que ese recheo salta á vista, faise moi evidente cando

Pietro se traslada a Florencia, cando despiden ao mensaxeiro e o “perde” no espazo e no tempo. Igual que o remate semella prolongado artificialmente, unha vez que Pietro logrou o que quería capturando o derradeiro suspiro vital de Simonetta Cattanei, a musa daquel tempo. A propósito, o tema é subxugante, mais, que facer unha vez que se atopou, que se capturou esa beleza sublime? Alén diso, e tendo plena xustificación ao tratarse dunha novela histórica, o feito da perspectiva populacheira, esa admiración per se e bobalicona que o pobo ten para os nobres, alén de tópica (e xustificada, xa dixemos) a verdade é que cansa.

Como novela breve que é, o recurso ao resumo, á secuenciación ben estudada e ao fragmentarismo, son esperábeis, están presentes e o seu uso resulta tecnicamente correcto. Porén, o discurso máis que narrado semella comentado. Isto provoca unha sensación de novela estática, excesivamente descritiva, que pexa a lectura, sobre todo porque condiciona que as personaxes se vexan caracterizadas a través dos seus actos. A todo isto debe ser engadido o feito de que os capituliños teñen remate pouco climático, quérese dicir que non chaman, non obriğan, non funcionan como desencadeante da necesidade de ler axiña o seguinte capítulo, o cal é requisito imprescindible no formato narrativo folletinesco—e desexábel en calquera tipo de novela, breve ou non. Do carácter folletinesco non se dá desfeito, nin co epílogo nin coas palabras preliminares.

Visto o ben que Chelo Suárez trata a palabra, as dotes de narradora preocupada non só por contar senón por contar ben, quixeramos lela nalgún discurso menos condicionado, resolto con máis liberdade e máis tempo. Esta novela breve (lírica e máxica) encorsétaa demasiado e lémbrenos decote que lle está poñendo cancelas.●

Xosé M. Eyré

Provoca unha sensación de novela estática, excesivamente descritiva”